



salesianos

LUGO

PLAN DE IGUALDADE

(Aprobado polo equipo directivo o 11 de outubro de 2023)

Índice

1.- INTRODUCCIÓN	3
2.- CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO	5
3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTIfobia	10
4.- OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN EN CANTO AOS SEGUINTE TEMAS:	12
4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.	12
4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.	12
4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.	12
4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGTIfobia.	13
5.- MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTE ÁMBITOS	14
5.1. Organización do centro:	14
5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:	16
5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:	17
5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:	18
6.- SEGUIMENTO E AVALIACIÓN	21

1.- INTRODUCCIÓN

O noso centro, dende hai tempo, polo seu ideario cristián e salesiano está potenciar a coeducación e actividades que desenvolven a igualdade de xénero a partires do respecto a toda persoa.

Segundo a *Proposta educativa das Escolas Salesianas* consideramos a escola como lugar privilexiado de **educación integral da persoa en todas as súas dimensións conforme a unha visión humana e cristiá** da vida. Por iso, a escola salesiana axuda ao alumnado, entre outros aspectos, a descubrir e potenciar as súas capacidades físicas, afectivas e intelectuais, asumindo as propias calidades e limitacións.

A *Proposta Educativa das Escolas Salesianas* cando fai referencia á Dimensión educativo-cultural indica que: «A coeducación favorece o crecemento e a maduración de cada persoa como home ou muller, e estimula a vivencia da diversidade e da reciprocidade de sexos»¹.

Polo tanto, é un elemento que está base do noso Proxecto Educativo.

O centro conta xa fai tempo cunha persoa nomeada en materia de igualdade no Consello Escolar.

Dentro no noso Plan de convivencia e do RRI/NOF están recollidas as accións correctoras para abordar as condutas contrarias á convivencia por razóns de xénero.

Por medio do *Protocolo de atención y acompañamiento en la maduración afectivo-sexual de los alumnos y ante supuestos particulares en los procesos de identidad de género* que seguimos no centro como membro da organización de Escuelas Católicas coidamos dende a nosa identidade cristiá e salesiana o acompañamento na maduración afectivo-sexual do alumnado.

Anualmente realizanse actividade dirixidas a todo o alumnado e a toda a comunidade educativa sobre a inclusión, a coeducación e o respecto á identidade de cada persoa.

¹ SALESIANOS E FILLAS DE MARÍA AUXILIADORA, *Proposta Educativas das Escolas Salesianas*, CCS, Madrid 2008, 20.
DPL - PLAN DE IGUALDADE | páxina 3 de 21

En todos os nosos plans do centro aparece recollida esta dimensión da educación integral do alumnado e da coeducación.

Anualmente preséntase o noso ideario ás novas familias que chegan ao centro e nas reunións de inicio de curso preséntanse o noso estilo educativo.

Dende o Departamento de Orientación desenvólvense accións para presentar dunha maneira relacionada co noso ideario o tema da educación afectivo-sexual. Este tema trátase tamén na ESO nas materias de Bioloxía e Xeoloxía e nas titorías, en EP en Ciencias Naturais, e en EI en Crecemento en Harmonía. O centro está a traballar, en colaboración con outros centros da titularidade e de Escolas Católicas, nun programa de educación afectivo-sexual.

Tamén desde o Departamento de Orientación por medio do POAP realiza a súa orientación vocacional, laboral e profesional insistindo na igualdade de oportunidades.

Celébranse as datas sinaladas no calendario sobre este temas (25 de novembro e 8 de marzo) dun xeito diferente: nos bos días ou con algún xesto colexial conxunto, ás veces no centro e outras fóra del para dar visibilidade desta realidade tamén ao noso barrio da Milagrosa.

Algún membro do claustro do centro está habilitado para impartir a materia de igualdade de xénero, pero non se oferta esta materia de libre configuración para non engadir máis materias ao xa amplio currículo e prefírese reforzar outras materias nas que o alumnado amosa más dificultades, tratando o tema de forma transversal, e sempre queda aberta a porta para poder ofertar esta materia en cursos sucesivos.

Con anterioridade a este Plan non existía outro, aínda que polo noso ideario a atención a persoa en cada situación é unha realidade dende hai tempo.

Seguindo en EI, EP e da ESO os decretos de:

- DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

Contextualización normativa

A coeducación e a igualdade entre homes e mulleres é un tema que ten un marco normativo amplio. Aínda que xa na Declaración Universal dos Dereitos Humanos do ano 1948 se indica no artigo 1 punto 2 que “Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos” (...) “toda persoa ten todos os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración, sen distinción algúnsa de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición”, sinalamos a continuación algunas das normativas sobre este tema que temos en consideración:

ÁMBITO EUROPEO

- Tratado de Funcionamento da Unión Europea. Artigo 8. No eido concreto da educación a Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes, despois de 2015, considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.

ÁMBITO ESTATAL

- Constitución española (artigo 9.2 e 14):

Artigo 9.2: “corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social”.

Artigo 14: "Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algúnsa por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social".

- Real Decreto 1686/2000 do 6 de outubro: Creación do Observatorio de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE).
- Lei 3/2007, do 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Título IV: O dereito ao traballo en igualdade de oportunidades. Artigo 23: A educación para a igualdade de mulleres e homes. Artigo 24. Integración do principio de igualdade na política de educación.

ÁMBITO AUTONÓMICO

- Estatuto de Autonomía de Galicia (1981). Artigo 4.1: "...poderes públicos, desenvolverán accións encamiñadas a promover as condicións de igualdade, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude".
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e tratamiento integral da violencia de xénero.
- Lei pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia (2014).
- Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro: Convivencia e participación da comunidade educativa
- Decreto lexislativo 2/2015 de 12 de febreiro. Capítulo IV: A educación e a formación para a igualdade entre homes e mulleres

Con anterioridade a este Plan solicitado mediante Instrucción do 6 de setembro de 2019, da Dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de educación, universidade e

formación profesional, no noso centro xa se estaba a traballar este tema nos seguintes plans:

a. Plan de Convivencia.

No noso Plan figuran obxectivos coeducativos concretos e accións orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a previr a violencia de xénero e a LGTBIofobia:

b. Plan de Acción Titorial (PAT).

No noso PAT figuran accións orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a previr a violencia de xénero e a LGTBIofobia.

c. Nas NOFC/RRI:

No artigo 81 na liña ñ) pódese ler entre as funcións do Consello escolar: «Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato e a non discriminación polas causas ás que se refire o artigo 84.3 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, a resolución pacífica de conflitos, e a prevención da violencia de xénero».

No artigo 152 deféndese o valor da conciencia, no 153² pódese percibir a especial atención que damos á prevención da violencia de xénero, á igualdade e á non discriminación.

Respecto ás condutas gravemente prexudiciais para a convivencia queda claramente tipificada no artigo 157 liña b) «Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social».

d. Proxecto educativo

Figuran obxectivos coeducativos nun sentido amplo.

Contextualización do centro

O colexio plurilingüe Divina Pastora Salesianos de Lugo é un centro concertado, situado no barrio da Milagrosa. Este é o barrio máis populoso da cidade. Situado na zona da Avenida da

² Ver NOFC/RRI do centro nos artigos citados.

Coruña, é un dos barrios máis grandes, con carácter obreiro e cunha notable actividade comercial e de hostalería. A zona sobre a que se asenta este barrio, pola que pasaba o acueduto romano do que hoxe apenas quedan restos, chamábase Agro do Rolo, tomando o nome actual a partir da construcción da igrexa da Milagrosa (comezada no ano 1946). Neste barrio atópase o Parque da Milagrosa, un dos más importantes da cidade.

No barrio, hai moita variedade de vivendas tanto de antiga como de recente construcción, estas están ocupadas por tres perfís distintos de persoas: xente maior orixinaria do barrio, xente nova, xente doutras nacionalidades.

A antigüidade do barrio, o perfil dos residentes, o tipo de vivendas... influíu no nivel socioeconómico, este foi descendendo nos últimos anos dun nivel medio a un nivel medio baixo.

Así mesmo as necesidades do noso barrio foron mudando centrándose estas na xuda social, influíndo do mesmo xeito no noso centro.

A historia do noso centro no barrio é superior aos 30 anos baixo a titularidade dos Salesianos, aínda que antes estivo baixo a titularidade das Madres Franciscanas da Divina Pastora.

Neste centro impártense as seguintes etapas educativas: infantil, primaria e secundaria obligatoria con dúas liñas.

O equipo docente está formado por 41 docentes, que se encargan da formación integral seguindo a Pedagogía e Sistema Preventivo de Don Bosco a unha media de 650 alumnas e alumnos.

O noso alumnado é maioritariamente de nacionalidade española, residentes nas inmediacións do centro, unha porcentaxe moi pequena, entorno a un 5% viven fóra do barrio. Na actualidade contamos cunha presenza importante de alumnado inmigrante, tanto de primeira, como de segunda xeración.

As familias caracterízanse por participar activamente nas actividades do centro.

O centro ofrece servizos complementarios tales como acollida matinal, comedor e actividades extraescolares moi variadas; por outra banda tamén se ofertan servizos para nenos con dificultades socioeconómicas por parte da fundación "Juan Soñador" cos programas Espabila, Na Rúa, LaCaixa Proinfancia, etc.

O centro é unha referencia moi importante para o barrio tanto pola soa presenza como polas actividades pastorais: Belén colexial, campañas solidarias, festas colexiais, Ateibo (o centro xuvenil de actividades de tempo libre)...

3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIfobia

Fortalezas:

- Trato personalizado ao alumnado.
- Atención a cada persoa desde a acollida incondicional propia dos valores evanxélicos e salesianos.
- Educación no respecto e nos valores e humanos e cristiáns que axudan á integración.
- Boa implicación das familias na convivencia do centro.
- Bo traballo desde as titorías para potenciar o trato axeitado entre as persoas.
- Respecto cara as persoas que formamos a comunidade educativa.
- PAT con eixes que traballan dun xeito transversal a identidade, a autoestima, a educación afectivo-sexual...
- A colaboración con diferentes institucións para presentar estes temas.
- Un número equilibrado de homes e mulleres nos diferentes órganos de representación do profesorado e de toda a comunidade educativa.
- Unha boa matrícula de alumnado en todas as etapas do centro. No tema da admisión nos se fai ningunha discriminación por razón de sexo. Seguimos a normativa establecida pola Xunta de Galicia.
- Cando mesturamos os grupos ou aulas ao remate dunha etapa ou ciclo un dos criterios é o número igualitario de rapaces e rapazas.
- Os espazos do centro están dispoñibles para realizar actividades e potenciar por medio de actividades curriculares ou extracurriculares a educación integral do alumnado.
- Realízanse actividades para conmemorar o Día da muller e o Día contra a violencia de xénero.

Debilidades:

- Falta de medios persoais (orientador/a en Primaria) e de recursos económicos para poder traballar este tema con maior precisión.

- As condutas contrarias á convivencia, a pesares de que son bastante baixas e están más centradas no alumnado da ESO e en concreto en varóns.
- Poderíamos incidir máis no uso da linguaxe inclusiva.

4.- OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN EN CANTO AOS SEGUINTE TEMAS:

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- a. Descubrir nas experiencias diárias, escolares, extraescolares e en todo o ámbito da vida social e cultural, presente e pasada, a igualdade de posibilidades e a equivalencia de achegas dos homes e mulleres.
- b. Aceptar, respectar e valorar as características das outras persoas sen deixarse influír por ningún tipo de actitude discriminatoria en relación co sexo, coa orientación sexual e coa identidade de xénero.
- c. Participar de forma igualitaria, construtiva e solidaria na realización de xogos, actividades grupais, situacíons de comunicación e na repartición de responsabilidades e tarefas, rexeitando a división do traballo e de funcións por razón de sexo ou xénero.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

- a. Colaborar na construcción e no desenvolvemento dunha sociedade e dunhas relacíons interpersoais baseadas no recoñecemento e respecto da individualidade, da singularidade e dos dereitos de toda persoa.
- b. Adoptar medidas para eliminar o uso sexista e heterosexista da linguaxe e promover unha imaxe pública e privada de mulleres e homes baseada na igualdade e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- c. Fomentar a corresponsabilidade coa repartición equilibrada de cargos e tarefas.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

- a. Implicar aos pais e nais nas tarefas coeducativas e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- b. Sensibilizar ao profesorado na práctica de valores coeducativos e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- c. Elaborar un plan de educación afectivo-sexual en sintonía co ideario do centro.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIofobia.

- a. Concienciar á totalidade da comunidade educativa no uso da linguaxe non sexista nin heterosexista que presupoña a heterosexualidade e o xénero, para que todas as persoas se sintan recoñecidas de forma positiva.
- b. Educar ao alumnado na detección de situacións de abuso e odio cara as persoas por razón do sexo, identidade ou calquera outro trazo persoal.

5.- MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTES ÁMBITOS

5.1. Organización do centro:

- a. Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.

O clauso neste curso 2023-2024 está formado por 24 mulleres e 16 homes.

O equipo directivo neste mesmo curso está formado por 7 mulleres e 1 home.

O consello escolar está constituído por 8 mulleres e 7 homes.

A comisión de convivencia segundo o punto segundo do artigo seis do *DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar* está composta por catro mulleres e tres varóns.

- b. Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade.

Na acta do Consello Escolar do centro do día 29 de xaneiro de 2024 na que figura a composición do actual consello escolar pódese ler: “Segundo o artigo 56 da LODE establecida na LOE que sinala que: “Unha vez constituído o Consello Escolar, este designará unha persoa que, impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real entre mulleres e homes”. Desenvolverá esta tarefa María Soledad Pita Paredes coa axuda da Orientadora, Beatriz Díaz.

- c. Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias).

Nas reunións de familias preséntanse anualmente os obxectivos do centro e un deles é a educación integral e a acollida a todas as persoas que formamos a comunidade educativa.

- d. Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade

Estamos a traballar neste tema formativo das familias por medio de diferentes sesións que se ofertan ao longo do curso.

e. **Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.**

É un tema que levamos varios anos mellorando, pero aínda debemos seguir coidando a nosa expresión e revisar a nosa documentación.

É un tema que seguiremos traballando para concienciar a toda a comunidade educativa, e que se recorda a miúdo nos claustros.

f. **Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.**

Estamos a colaborar con outras entidades para realizar actividades coeducativas: SERGAS, Cruz Vermella, Fundación JuanSoñador...

g. **Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI etc.).**

Xa indicadas na análise da realidade e na introdución.

Traballarase a nivel colexial estas datas mediante titorías, actos ou momentos colexiais.

h. **Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.**

Estamos a traballar nun plan institucional sobre este tema. Polo de agora traballamos o tema desde o departamento de orientación e está organizado por medio do Plan de Acción Titorial.

i. **Concretar o desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos, poñendo o foco na incorporación aos itinerarios na ESO, ás modalidades no bacharelato e aos ciclos de formación profesional.**

Como no noso centro soamente temos a ESO coidamos o tema da orientación académico profesional desde o departamento de orientación con actividades encamiñadas a axudar ao alumnado a descubrir a súa vocación desde o que cada persoa sente e non condicionada por estereotipos.

- j. Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.

É un tema que iremos facendo gradualmente á medida que a concienciación sexa maior.

- k. Ofertar materias específicas de igualdade de xénero.

Como se indicou na introducción polo de agora dende a dirección do centro no se ve necesario introducir esta materia para cargar máis o número de materias do alumnado e por outra banda este tema pode traballarse perfectamente dun xeito transversal desde as diferentes áreas e materias.

- l. Participar en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo, etc.

Estudarase no equipo directivo a idoneidade de participar cando cheguen propostas.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:

- a. Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...

Isto xa se está a facer, pero seguiremos potenciando esta sensibilidade entre o claustro.

- b. Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da lingua, da proposta de actividades).

Seguiremos coidando a elaboración do noso material para as titorías e actividades nas que traballamos estos temas, así como teremos especial coidado co material que proxectamos e utilizamos co alumnado.

- c. Realizar actividades de sensibilización na aula.

Este tema xa se está a realizar desde diferentes materias e desde as titorías propostas polo departamento de Orientación.

d. Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.

Seguiremos usando as reunións de familias para potenciar estes temas que teñen que ver coa convivencia e coa educación valores do noso alumnado.

Este ano ofertamos varias escolas de familia presenciais dende o COF para formar nestes ámbitos.

Coidaremos tamén unha oferta formativa axeitada para as familias sempre desde o noso ideario de centro.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:

a. Difundir información a través dun taboleiro no centro.

Os taboleiros do centro están continuamente ofertando actividades e iniciativas de todo tipo: culturais, lúdicas, informativas... e como no en ocasión tamén sobre tema de igualdade, como pode ser a celebración do Día da Muller, charlas ou coloquios...

b. Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.

É un tema que estamos a traballar, pois estamos a organizar a biblioteca escolar e ver como dinamizala. Precisamos máis recursos da administración. Tamén as bibliotecas de aula en E. Primaria ofrecen un bo material e nalgún caso moi específico sobre estos temas.

c. Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.

Levamos varios anos incidindo neste tema. Desde a dirección insistese neste tema e, en xeral, en todo o contido que poñemos ao alumnado.

d. Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero, poñendo o foco nas empresas.

É un tema que coidamos moito e avaliamos nas reunións do equipo directivo.

e. Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.

Estamos abertos ao material que nos chega de diferentes administracións e organizacións para traballar este tema. Precisaríamos máis material en sintonía co noso ideario.

f. **Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión.**

Desde hai varios anos estamos a traballar na dinamización dos nosos momentos de recreo ofertando ao alumnado posibilidades variadas que non teñan que ver cun determinado xénero. En Primaria xa se está levando a cabo o Programa Patio, no que se ofertan cada día, distintas alternativas para xogar no tempo libre.

g. **Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.**

É un tema que temos que desenvolver máis no noso centro, pero xa estamos dando os primeiros pasos.

h. **Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.**

É un punto tratado en varios plans, tanto de centro como do departamento de Orientación.

i. **Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado, etc.**

Todas as actividades do centro ofértanse dun xeito igual para todo o alumnado. Cada alumno/a e familia pode elixir a que máis axeitada considere ás súas necesidades e capacidades sen ser discriminada ou discriminado por razóns de sexo ou xénero. É un feito que hai nenos e nenas nos diferentes grupos deportivos que ten o centro.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:

a. **Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.**

Este é un tema que traballamos desde hai anos no noso centro en sintonía co noso ideario cristián e salesiano. É fundamental o momento de bos días e oración ao inicio da xornada, como un bo momento de reflexión para traballar estes temas, así como as titorías e as diferentes accións que levamos a cabo desde a nosa acción educativo-pastoral.

b. **Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente, etc.**

Desde hai tempo no centro propoñemos accións de voluntariado dentro do centro e con outras entidades.

Entre as metodoloxías temos incorporado o aprendizaxe de servizo.

Tamén realizamos actividades nas que interactúan nenos e nenas de diferentes idades.

Dende hai varios cursos estamos a traballar o coidado da creación, do medio ambiente coa iniciativa *Don Bosco Green Alliance*³ e celebraremos algúns días especiais que supoñen o respecto e coidado do planeta.

c. **Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.**

A nosa educación é inclusiva e procura sempre o respecto e a acollida a todas as persoas independentemente do sexo, raza, relixión... Aplicanse e lévanse a cabo os protocolos que abranguen este tema, como o Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.

d. **Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.**

O noso centro está inserto nun proceso de innovación desde hai anos. Temos un documento que recolle as nosas opción pedagóxicas e metodolóxicas. Anteriormente xa a nosa *Proposta educativa das Escolas Salesianas* nun apartado sobre a nosa metodoloxía didáctica indicaba o seguinte:

“A educación que ofrecemos aos nosos alumnos implica unha metodoloxía didáctica consecuente cos obxectivos que perseguimos: aberta e flexible; capaz de dar respostas axeitadas á diversidade dos nosos alumnos e alumnas, de promover aprendizaxes significativas, e integrar en cada momento os avances pedagóxicos e tecnolóxicos.”

Dentro das posibilidades reais da nosa escola, atendemos ás necesidade dos alumnos, e de acordo coas disposicións legais vixentes, optamos por unha metodoloxía de traballo cooperativo, por proxectos, que favorece:

- un ensino personalizado como resposta ao crecemento e maduración de cada alumno;
- a participación activa dos alumnos;
- a investigación educativa e a súa implicación;
- a realización de experiencias de innovación pedagógica;
- a avaliación constante das devanditas innovacións pedagógicas e organizativas, co fin de constatar a súa incidencia na mellora da calidade educativa;
- a actualización constante de recursos tecnolóxicos que favorezan o proceso de ensino/aprendizaxe»⁴.

³ <https://donboscogreen.org/es/>

e. **Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.**

En todo o momento da vida colexial as tarefas poden ser feitas por calquera membro da comunidade educativa.

f. **Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.**

A nosa colaboración con diferentes entidades, especialmente a Fundación JuanSoñador, amosan o noso xeito de traballar coidando a intervención social.

Por outra banda, a nosa inserción no barrio, a nosa atención ao alumnado que amosa dificultades, a axuda para o comedor do centro, o préstamo de libros... sobre algúns dos medios polos que amosamos a nosa intervención social a favor de diferentes membros da comunidade educativa.

Asemade traballamos en accións solidarias que intentan concienciar a toda a comunidade educativa na necesidade de intervir socialmente a favor dos que máis o precisan.

⁴ SALESIANOS E FILLAS DE MARÍA AUXILIADORA, *Proposta Educativas das Escolas Salesianas*, CCS, Madrid 2008, 38.

6.- SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

O seguimento das accións realizarase nas reunións das distintas etapas e no equipo directivo quedando recollida a avaliación nas actas dos diferentes equipos.

Ademais das avaliacións que se realicen de cada programación didáctica nas áreas ou materias nas que se abordan os temas e contidos recollidos neste Plan.

Este Plan avaliarase ao final de cada curso para integrar as propostas de mellora no curso seguinte, que quedarán recollidas na Memoria Anual para ir completando a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos.

Os indicadores e instrumentos de avaliación: realización das actividades programadas e valoración xeral no claustro e no consello escolar deste tema ao final de cada curso escolar.